



**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE
CONCELLO, A TÓDOLOS/AS VECIÑOS/AS DO TERMO MUNICIPAL**

**INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o PROGRAMA DE
TURISMO DO IMSERSO 2019-2020**

Solicitantes:

Persoas residentes en España que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación do Sistema Público español de Pensións.
- Ser pensionista de viuvez e ter 55 anos cumpridos.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, en todos os casos con 60 anos cumpridos.
- Ser titular ou beneficiario/a do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos cumpridos.
- Deberán valerse por si mesmos/as e non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos hoteis.

Poderán participar o cónxuxe ou parella de feito sen necesidade de que éstos reúnan os requisitos de idade ou pensión.

Admitirase como acompañante a un fillo ou filla con discapacidade, que teña un grao igual ou superior ao 45%, sempre que a viaxe a realice cos seus pais e ocupe cama supletoria na mesma habitación do hotel. Deberá cumprimentarse o apartado correspondente da solicitude cos datos do/a fillo/a e achegar fotocopia do certificado de discapacidade.

Modalidades:

- Zona Costeira Peninsular: Andalucía, Catalunya, Comunitat Valenciana e Murcia.
- Zona Costeira Insular: Canarias e Illes Balears.
- Turismo de Interior, coas seguintes actividades:
 - Circuitos Culturais.
 - Turismo de Natureza.
 - Viaxes a Capitais de Provincia.
 - Viaxes ás cidades Autónomas de Ceuta e Melilla.

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ATA O 10 DE XULLO DE 2019

Os/as interesados/as poden dirixirse ós Servizos Sociais do Concello -
Traballadoras Sociais (telf. 981 790001 - 981792000)

O que informo para xeral coñecemento.

Asdo: O ALCALDE